



UN ADEUS Á ROLEY

Seguro que moitos de vós ao ler, ver ou simplemente escoitar este nome, A Roley, xa saberedes ao que me estou a referir ou, mellor dito, do que vou falar neste novo número de Intres, pero para quen non o saiba, estoume a referir á hamburguesería máis popular e coñecida en Melide.

Aínda que os máis cativos non a coñeceredes, e refírome a non visitala con frecuencia, como a visitamos os da miña idade.



Pero vós, os outros, si que sabedes que local é este, porque... ¿quen non foi algunha vez comer á Roley? ¿Quen non pasou a comer un sábado á noite antes de ir para a casa? Pois, o que máis e o que menos, xa pasamos todos, ¡e como se agradecían eses bocadillos, as patacas fritas con salsa rosa...! Eses si que eran almorzos antes de ir para a casa.

Non sei o que fariades vós cando tiñades tempo libre, pero seguro que tiñades un local preferido para pasar a tarde ¿si ou non?, pois o meu local, como o dos meus compañeiros, era a Roley. Nós alí pasamos tardes de verán, de inverno... etc. naquel currunchito onde pasabamos desapercibidos da xente que entraba, e, sobre todo, ese local era onde íamos fumar os nosos primeiros cigarros ás escondidas dos nosos pais, e o noso amigo Manolo, o dono da Roley, non lles dicía nada, sempre nos encubría en todo.

E con isto, o que quero é transmitir un Adeus á Roley e un ata sempre a Manolo e á súa Señor (señora), seguro que vos estaredes a preguntar ¿por que un adeus? porque a Roley pechou as súas portas para sempre, e ¿cando pechou? pois esta Semana Santa.

¡¡¡ADEUS, ROLEY!!!

¡¡¡ATA SEMPRE, MANOLO!!!

Ángel Neira Carril

VIDEOXOGOS

Se hai un xogo que merece a categoría de clásico, é, sen dúbida, "Los Sims", un simulador social que ten o honor de ser o videoxogo máis vendido da historia. Os fans deste particular "Gran Hermano" están de noraboa, posto que unha nova edición sairá á venda proximamente.

Ana Méndez Asorey.
B1A.

TELEFONÍA MÓBIL

Por fin o oviño con cámara!! Si!! Como o les, Siemens sacou o oviño con cámara (SL65), o móbil máis esperado. Posúe un orixinal deseño con tapa deslizante que, ao abrirse, descobre un teléfono coas últimas prestacións, cámara de fotos e de vídeo!! Agora agardaremos polo oviño con cámara e mp3!!



Ana Méndez Asorey.
B1A.

OS ADOLESCENTES

Nestes tempos estanse a observar moitos malos tratos a causa dos homes que só nos queren ás mulleres para que traballemos e fagamos o que eles queiran.

Tamén existen problemas de embarazos entre adolescentes, que se preocupan diso cando o problema non ten remedio.

A xuventude quere ter un corpo que se axuste á moda, un corpo de modelo. Deixan de comer para perder peso e fan moito exercicio para adelgazar e isto trae como consecuencia enfermidades como a bulimia e a anorexia, que poden producir incluso a morte. Así que ¡vívete a vida!

Natalia Penas Mato S3B.